

FICHA REPASO

TEMA 1 (Páx 6 a Páx 15)

BUSCA AS RESPOSTAS NO LIBRO E NOS ESQUEMAS DO CADERNO

1.- A relixión dá resposta á procura de felicidade do ser humano. Mostran un camiño de felicidade e de desenvolvemento persoal mediante diferentes manifestacións: politeísmo, monoteísmo.

Segundo isto, le o seguinte texto do Concilio Vaticano II e responde a pregunta:

“A razón máis alta da dignidade humana consiste na vocación do ser humano á comunión con Deus. O ser humano é convidado ao diálogo con Deus dende o seu nacemento; pois non existe senón porque, creado por Deus por amor, é conservado sempre por amor; e non vive plenamente segundo a verdade se no recoñece libremente o amor de Deus e se entrega ao seu creador”.

En que consiste a verdadeira felicidade segundo o texto?

2.- Explica os distintos tipos de sufrimentos

3.- Le este relato do Premio Nobel Elie Wiesel, baseado nunha experiencia persoal nun campo de concentración nazi, e trata de responder á pregunta que se formula ao final

“Un día que volvíamos do traballo vimos outra das terribles cerimoniais das SS. Tres condenados a morte ían ser executados. Entre eles estaba o pequeno Pipel, un neno de cara fina e pálida que vivía no campo de concentración. Foron introducidos na forca e subidos ás cadeiras. Os dous homes berraban: “¡viva a liberdade!”. O pequeno calaba.

“¿onde está Deus?”, preguntou alguén detrás de min. A unha sinal do coronel das SS, os tres corpos quedaron colgados no aire. A xente empezou a marchar. Os dous adultos xa non vivían, pero o neno aínda non estaba inmóbil. Detrás de min volví oír a mesma persoa pregunta: “¿onde está Deus?”. E eu sentín en min unha voz que respondía: “¿Onde está? Esta aí, colgado”.

- A) Responde: Quere Deus o Sufrimento?. Razo a túa resposta
- B)Vai a páx 10 do libro e le o apartado 3.1, onde se fala dos distintos tipos de sufrimento e cal e a súa causa. Se a túa resposta, á pregunta do apartado “a”, foi afirmativa, e despois de ler a páx 10, ¿segues afirmando o mesmo?, Por que?

4.- Elabora unha lista de situacións do mal, dolor e sufrimento, e distribúeas no seguinte cadro

Males que os homes se fan uns a outros	
Males que as persoas se fan a si mesmas	
Males orixinados pola condición limitada da persoa	
Males que proceden da condición limitada do mundo	

5.- Completa as frases coas seguintes palabras : *limitación humana, Castigo, Sufrimento, humanas*

- A felicidade non é sinónimo de ausencia de _____
- Moitos sufrimentos son responsabilidade _____ (mal uso da liberdade, provocado polas inxustizas, ansias de poder, egoísmo, envexa, rancor...)
- Hai sufrimentos que escapan a responsabilidade do ser humano (enfermidade): son froito da nosa _____ (non somos perfectos) ou das leis da natureza (terremoto...)
- O sufrimento non é _____ de Deus (teríamos a idea dun Deus terrible, dedicado a repartir males e desgrazas)

6.- A necesidade de responder ao misterio do sufrimento leva ás persoas a adoptar distintas posturas ante a vida. Relaciona segundo corresponda

Alienación: Para o crente a resposta do sufrimento está en Cristo: confía en Deus e fan o que está das súas mans para remedialo, a enfermidade e o dolor danlle sentido, pois mediante eles únense o sufrimento de Cristo, a morte non é o final da vida, esperan a resurrección.

Ateísmo e o agnosticismo: Non se fan ningunha pregunta por medo a non encontrar resposta. Foxen do sufrimento: diversión, diñeiro, praceres....

Resignación: As persoas cren que Deus existe. Consideran que o sufrimento é unha inxustiza e que Deu podía facer algo para solucionalo. Como non encontran resposta inmediata, non queda máis remedio que resignarse a aceptar o sufrimento

Fe: O sufrimento incompatible coa idea de Deus

7.- Partindo da fe en Deus, os cristiáns temos como exemplo a Xesús Cristo que nos ensina cal debe ser a nosa actitude ante a dor e o sufrimento:

- Buscar a felicidade tendo en conta aos demais. Buscar a propia felicidade e buscala para os demais
- Loitar por eliminar o sufrimento que pode ser evitado no mundo
- Vivir o sufrimento confiando no amor de Deus sendo capaz de amar aos demais

Estas de acordo coas afirmación anteriores?

Razoa a túa resposta tanto se é afirmativamente como negativa.

CORREO DE CONTACTO

religionantioquia@gmail.com